

UN ECÓLOGO AMERICANO NA GALIZA

por Carlos Vales

A morte recente e prematura de Salvatore Bongiorno, ecólogo, director do Departamento de Biología da Universidade de Fairfield, nos USA, deixou-nos ademais de sen un profesional espléndido, sen un enamorado da nosa Terra, a que contribuiu a coñecer cos seus estudos.

Queremos comentar aquí aquel deses estudos (*) polo cal é mais coñecido entre nós, e que supuxo unha incursión científica nunha área de debate que excede o campo académico, debido á sua evidente incidencia social, o da plantación de eucaliptos. A acelerada eucaliptización da franxa costeira galega, especialmente das franxas norte e noroeste, motivou -e ainda motiva- unha ágría polémica, que polo que respecta á opinión pública é facilmente explicable debido ao drástico cambio que na paisaxe agraria producen os eucaliptos, e que no eido académico centrou-se especialmente no posible impacto desta árbore exótica sobre os solos forestais e agrícolas e menos directamente nos seus efectos sobre outros aspectos do meio natural (por exemplo, BARA et al., 1985; VARELA DIAZ, 1990; PEREZ MOREIRA, 1992; CALVO DE ANTA, 1992).

Salvatore Bongiorno cambiou a perspectiva, e centrou a sua análise no impacto das plantacións sobre as comunidades orníticas, sobre as aves. O estudo de Salvatore Bongiorno a pesar da sua aparente parcialidade temática, é transcendente. Efectivamente, o empobrecimento faunístico, a perda xeral de biodiversidade, é unha temática que só recentemente acadou a importancia merecida, dado que a degradación xeral dos ecosistemas e a perda de hábitats están levando á erosión do que, en propriedade, é o único recurso non renovábel, a diversidade biolóxica contida nas especies. Salvatore Bongiorno amosou como os eucaliptais son un medio dunha enorme pobreza para as aves, incapaz de sustentar á maioría das especies características da nosa fauna ornítica, conclusión que viñeron a corroborar estudos posteriores en lugares de características similares e



En primeiro plano, Salvatore Bongiorno nas fragas do Eume. Vrán de 1992.

moi próximos bioxeograficamente (por exemplo TELLERIA & GALARZA, 1990; para unha revisión ver PEREZ MOREIRA, 1992). Pero a importancia do seu estudo transcende ás aves. Porque as aves non só nos falan de si mesmas -a través da sua presencia, ausencia ou abundancia-, senón que son unha referencia de valor xeral para indicar calidades de hábitat. As aves reunen uns requisitos de diversidade e conspicuidade, de especialización e esixencias territoriais, que levaron a propoñelas como «termómetro» indicador da, por así decí-lo, capacidade de carga biolóxica do medio que se estuda, papel que por idénticos motivos (conspicuidade, requerimentos especializados, longa tradición no seu estudo,...), foi proposto que se lles asignase entre os invertebrados ás volvoretas por P. EHRLICH. Os estudos sobre esa capacidade de bioindicadores confirmaron a utilidade das aves para cumplir ese papel (MURPHY & WILCOX, 1986), así como o das volvoretas. FERNAN-

DEZ VIDAL (1991) atopou asociadas ás fragas do curso baixo do Eume 68 especies de volvoretas, mentres que nos eucaliptais da mesma zona o número era ...1 especie!.

En definitiva, podemos afirmar que os eucaliptais constituyen a peor alternativa posible para o obxectivo de conservar a biodiversidade existente no noso país e, consecuentemente, que o proceso de eucaliptización en curso implica -e implicará- un empobrecimento masivo na densidade, riqueza e diversidade faunística das áreas afectadas.

Pero o estudo de Salvatore Bongiorno aporta outros datos interesantes. Así as fragas aparecen como o hábitat onde a densidade ornítica é maior sendo este un factor, aparte de previsible (ao cabo, as fragas son o remanente do hábitat inicialmente mais abundante) moi importante, dado que as especies

(*) BONGIORNO, S.F. 1982. Land use and summer bird populations in north-western Galicia, Spain. *Ibis* 124:1-20

SALVATORE BONGIORNO CAMBIOU A PERSPECTIVA, E CENTROU A SUA ANÁLISE NO IMPACTO DAS PLANTACIÓNIS SOBRE AS COMUNIDADES ORNÍTICAS


que contan con poboacións numerosas corren menor perigo de extinción. Pero é a campiña agrária (as aldeas e terras agrícolas) o hábitat mais rico en espécies. As áreas rurais, co seu entramado de leiras e prados, muros e valados, corredoiras e fontes, árbores e casas, suministran un hábitat variadísimo, que pode ser explotado por un moi numeroso grupo de seres vivos. Por eso, procesos como a sustitución de terras agrícolas por eucaliptais, ou actuacións como as efectuadas pola concentración parcelaria -que destrúe os elementos estructurais da paisaxe agrária e leva á sua simplificación e uniformización-, non poden implicar máis que un agudo empobrecimento da biodiversidade.

Por outra banda, no estudo comproba-se tamén como as zonas de mato son más pobres faunisticamente, pero interesantes na medida en que sustentan unha fauna característica, fauna que non é indiferente á xestión (ou caréncia da mesma) nestas áreas, pois existen diferencias remarcábeis entre as zonas ocupadas por plantas arbustivas (como o toxo e as queirugas) e os espacios abertos dominados por vexetación rastreira e por gramíneas. Os piñeirais son peores -desde o punto de vista da biodiversidade- que as fragas, pero moito mellores que os eucaliptais.

Pon-se de manifesto tamén -opinamos nós- a importancia da xestión. Que se leve a cabo unha silvicultura que inclúa entre os seus obxectivos a conservación da biodiversidade, pode conseguir sen apenas merma da rendabilidade económica, a existencia de hábitat moito mais propicio e unha moito maior diversidade ecolóxica. Bastaria, por exemplo, permitir a rexeneración natural dos caducifólios dentro dos piñeirais e eucaliptais, deixar cando as cortas, algunas árbores

mortas (a madeira morta é imprescindible para os animais que precisan a existencia de cavidades), e evitar a eliminación total do mato, deixando illas do mesmo cando a limpeza dos montes, para incrementar moitísimo a diversidade e densidade de seres vivos.

O traballo de



AS ÁREAS RURAIS, CO SEU ENTRAMADO DE LEIRAS E PRADOS, MUROS E VALADOS, CORREDOIRAS E FONTES, ÁRBORES E CASAS, SUMINISTRAN UN HÁBITAT VARIADÍSIMO

Salvatore Bongiorno dou argumentos, desde a sua posición de científico, para defender o noso medio ambiente do seu actual proceso de empobrecimento contínuo. E ademais, compre sinalá-lo, non foi produto da casualidade. Que o seu estudo ornitológico que aquí comentamos tivese lugar entre os anos 1972 e 1976, dá-nos mostra de que non era un «paracaidista» aterrado aquí por casualidade. A longa lista de agradecimentos por colaboración no seu traballo demostra ademais do aprecio os seus moitos amigos entre nós, a sua vinculación co mundo cultural e universitario galego. O carácter da sua contribución tampoco é casualidade. Parte dun compromiso coa natureza e conservación do patrimonio natural, especialmente dos bosques caducifólios -coas fragas- que el tanto amaba. ■

BIBLIOGRAFÍA

- BARA, S.; A. RIGUEIRO, M.A.GIL, P.MANSILLA & M.ALONSO, 1985. Efectos ecológicos del *E. globulus* en Galicia. Estudio comparativo co *P. pinaster* y *Q. robur*. Monografías del INIA. MAPA.
- CALVO DE ANTA, R. 1992. El eucalipto en Galicia. Sus relaciones con el medio natural. Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións.
- EHRLICH, P.E. 1986. Extinction: What is happening now and what needs to be done. En D.K.ELLIOT (ed.): Dynamics of Extinction. John Wiley & Sons. New York.
- FERNANDEZ VIDAL, E.H. 1991. Guía de las mariposas diurnas de Galicia. Publicacións da Diputación Provincial da Coruña. A Coruña.
- MURPHY, D.D. & B.A.WILCOX, 1986. Butterfly diversity in natural fragments: A test of the validity of vertebrate-based management. Pp.287-292 en J.VERNER, M.L.MORRISON & C.J.RALPH (eds.): Wildlife 2000. Modeling Habitat Relationships of Terrestrial Vertebrates. The University of Wisconsin Press.
- PEREZ MOREIRA,R. 1992. Ecoloxía Forestal e Ordenación do Bosque. Edicións do Castro. Sada, A Coruña.
- TELLERIA,J.L. & A.GALARZA, 1990 Avifauna y Paisaje en el norte de España: efectos de las repoblaciones con árboles exóticos. Ardeola 37(2):229-241.
- VARELA DIAZ,R. 1990 Eucaliptos, Celulosas e o Forestal Galego. ADEGA. Concello de Noia.